

## ANUNCIO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL CON CARÁCTER TEMPORAL

**Posto:** Profesor de **DANZA** durante o período de incapacidade temporal da titular do posto no presente curso escolar **(2017-2018)**.

MATERIA	HORAS INDIVIDUAIS	HORAS COLECTIVAS	TITORÍAS/ CLAUSTROS	TOTAL HORAS	Nº DE DÍAS Á SEMANA
DANZA CLÁSICA/  CONTEMPO RÁNEA	-----	24,75	1,50	26,25	6

\* Horario xa marcado pola dirección do centro.

### REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

**Xerais:** Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Emprego Público (RDL 5/2015, de 30 de outubro)

**Específicos:** Ademais dos establecidos con carácter xeral para o acceso á Función Pública na lexislación vixente será necesario estar en posesión da titulación correspondente a mestre especialista en educación musical ou de calquera das titulacións sinaladas na Circular 12/2006 pola que se establecen as titulacións que deberá posuír o profesorado que imparta a docencia nas Escolas de Música e de Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

**FUNCIÓNS:** As propias na súa categoría profesional no ámbito da Escola Municipal de Música e Danza, concretamente a impartición durante o período de substitución das clases pertinentes na disciplina ou especialidade de Danza, así como o desenvolvemento das labores inherentes ao posto relativas á xestión administrativa e demais traballos necesarios conforme ás directrices que se fixen ao longo do período pola Dirección da Escola e Concellaría-Delegada correspondente.

**TIPO DE CONTRATO E PRAZO:** Obra ou Servizo determinado (Interinidade), art. 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.

**RETRIBUCIÓN:** As retribucións mensuais íntegras serán de 11,765 € brutos/hora de traballo efectivo.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN:

#### 1.- PROBA ESCRITA TIPO TEST:

Constará dun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver neste posto segundo o temario que se sinala.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, valorándose cada resposta correcta con 0,50 puntos.

Será necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos. De non obterse será causa de exclusión e non se procederá á valoración dos méritos aportados.

Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta incluídas as que queden en branco.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

## **TEMARIO**

### **PARTE XERAL**

- 1.- Organización municipal. Competencias dos concellos. O Pleno, o Alcalde.
- 2.- Ideas xerais do procedemento administrativo local.
- 3.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.
- 4.- Orde do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da comunidade autónoma de Galicia.

### **PARTE ESPECÍFICA DANZA/BALLET**

- 1.- Fundamentos básicos da educación corporal. Colocación xeral do corpo: equilibrio, sensacións, resistencias. Primeiras sensacións, evolución nas diferentes etapas da aprendizaxe. Posibles consecuencias patolóxicas, técnicas e artísticas derivadas dunha colocación errónea.
- 2.- Capacidades físicas básicas: forza, resistencia, flexibilidade, velocidade e coordinación. Deseño de tarefas para o seu desenvolvemento.
- 3.- A clase de danza clásica. Composición estrutura. Organización, desenvolvemento e ritmo. Obxectivos e finalidade dos pasos que a compoñen. Aspectos melódicos, rítmicos e expresivos.
- 4.- A ensinanza e a aprendizaxe das técnicas de danza contemporánea baseadas na recepción, a reprodución de modelos e patróns fixados: obxectivos, contidos, metodoloxía e niveis de dificultade.

### **2.- PROBA PRÁCTICA:**

**Consistirá na elaboración e posterior exposición oral dunha unidade didáctica relacionada coa especialidade á que se presenta, durante un tempo máximo de 45 minutos. Posteriormente deberá facer unha exposición oral sobre a mesma nun tempo máximo de 10 minutos.**

Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Para a superación da proba precisarase obter a lo menos 5 puntos. De non obterse será causa

de exclusión e non se procederá á valoración dos méritos aportados.

### **3.- EXERCICIO DE IDIOMA GALEGO:**

De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto, proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto, restándose 0,05 puntos por falta cometida.

**\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior que se valorará con 1 punto.**

### **4.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

**a). Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos.**

- a. Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- b. Cursos de 70 a 100 horas..... 0,50 puntos.
- c. Cursos de 40 a 70 horas..... 0,35 puntos.
- d. Cursos de 15 a 40 horas..... 0,20 puntos.
- e. Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.
- f. Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.

O órgano de selección poderá desenvolver e especificar os criterios de valoración e cualificación dos exercicios debendo facelos públicos con antelación á celebración dos mesmos para coñecemento dos aspirantes.

### **TRIBUNAL AVALIADOR**

**Presidente:** D. Antonio José Álvarez Neira, director do Conservatorio de Música de Viveiro.

Suplente: D. Valentín Prieto Gómez, Profesor da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo.

### **Vogais:**

Titular: D<sup>a</sup>. Sonia García Rodríguez, profesora do Conservatorio de Música de Viveiro.

Suplente: D. Luis Rodil Fernández, profesor do Conservatorio de Música de Viveiro.

Titular: D. Antonio Río Rodríguez, profesor do Conservatorio de Música de Viveiro.

Suplente: D. Martín Bucki, Profesor da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo.

**Secretario con voz e sen voto:** Titular: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral da Corporación.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral, Secretario en funcións da

Corporación.

**DOCUMENTACION A PRESENTAR:**

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), DNI, xustificante dos requisitos esixidos (titulación/s, carné/s, etc.), relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (deberá aportarse contrato/s ou certificado/s dos servizos prestados, curso/s realizado/s, etc.).

**Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsu ou copia xa compulsada.**

**PRAZO DE PRESENTACIÓN, LUGAR E DATA DAS PROBAS:** A solicitude e documentación presentárase como máximo ata as 14:00 horas do día 20 de novembro de 2017 no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello.

As probas e selección realizaranse o día 22 de novembro a partir das 10:30 horas na Casa do Concello.

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán, de xeito previo á sinatura do contrato laboral temporal, pasar o recoñecemento médico procedente nos servizos médicos de prevención deste Concello (Mutua Gallega) co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións, sen cuxo requisito non se poderá formaliza-lo contrato de traballo.

Igualmente o/a aspirante seleccionado/a, unha vez asinado o contrato correspondente, quedará suxeito ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

Ribadeo, 13 de novembro de 2017

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

**(documento asinado electronicamente á marxe)**